

## **DECRETO DA ALCALDIA-PRESIDENCIA**

En uso das atribucións conferidas a esta Alcaldía polo artigo 21.1c) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e o artigo 38 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro (ROF) polo presente veño en convocar sesión **ORDINARIA** do Pleno da Corporación que se celebrará no Salón de Sesións da Casa Consistorial o vindeiro **XOVES, día 05 de SETEMBRO/2019 ás 20 HORAS** en primeira convocatoria, e no caso de non existir quórum necesario en segunda convocatoria dous días despois á mesma hora; para tratar os asuntos relacionados no seguinte

### **ORDE DO DÍA**

#### **I) PARTE DISPOSITIVA**

**1º.-** Aprobación, se procede, do borrador de acta da sesión do 08.07.19 (Extraordinaria).

**2º.-** Ditame da determinación de festivos locais no termo municipal de Valdoviño, Ano 2020.

**3º.-** Ditame da aprobación definitiva da rectificación anual do inventario de camiños municipais no Concello de Valdoviño.

**4º.-** Ratificación do incremento retributivo para o persoal establecido pola normativa ordinaria a partires de xullo de 2019.

**5º.-** Aprobación de modificación orzamentaria nº 11/2019 MC SC mediante suplemento de crédito.

**6º.-** Acordo adoptado en base ao establecido na Lei 6/2018 de 3 de xullo de orzamentos xerais do Estado, en concreto disposición adicional quincua xésimacuarta, polo que se amplía o importe dos complementos outorgados en situación de ILT ata o 100%.

#### **II) CONTROL DE ACTIVIDADE DO PLENO**

**7º** .- Dar conta de decretos da Alcaldía emitidos nos meses de maio, xuño e xullo (números dende o 145/2019 ao 287/2019).

**8º**.- Dación de conta de informes económicos.

**9º**.- Rogos e preguntas.

A presente convocatoria entregárase a todos os membros da Corporación, así como á intervención xeral, procedéndose á súa publicación no taboleiro de edictos e na web municipal.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE POLO SR. ALCALDE